



O poeta, narrador, autor de literatura infanto-xuvenil, ensaísta e tradutor **Darío Xohán Cabana** naceu en Roás (Terra Chá) en 1952. Fillo de labregos, fixo o bacharelato en Lugo e non seguiu máis estudos académicos. En 1970 publicou un primeiro libro de poemas ao que seguirían máis dunha ducia de novos poemarios polos que levou galardóns como o Cidade de Ourense, o Celso Emilio Ferreiro, o Cidade de Lugo ou o Martín Códax.

Sumar a estas as obras doutros xéneros literarios faille acadar a cifra duns cincuenta volumes publicados e máis de sesenta premios. Como tradutor, pola súa primeira versión de *A Divina Comedia* en galego, foille outorgada a medalla de ouro de Florencia. Traduciu tamén o *Cancioneiro* de Petrarca e os poetas do Dolce Stil Novo, ademais dalgunhas obras en prosa francesa ou italiana, e en 2011 publicou unha extensa antoloxía bilingüe dos trobadores occitanos.

Tras unha breve etapa nas Edicións Castrelos de Vigo seguida doutros diversos traballos de supervivencia, desde 1987 traballara como funcionario do Concello de Lugo ata a súa recente xubilación. Desde o mesmo ano colabora diariamente en La Voz de Galicia cun encrucillado en galego. Forma parte do Consello de Redacción da revista de pensamento crítico A Trabe de Ouro, e no 2006 ingresou como membro numerario na Real Academia Galega.

*Bendito sexa o ano, o mes, o día
que te encontrei no medio do camiño,
e andabas escollendo a flor do espiño
sen te mancar na espiña que fería;*

*bendita sexa a hora en que eu prendía
no teu claro mirar de trigo e liño,
e o instante en que probei o manseliño
mel da palabra túa ou amavía;*

*bendito sexa o intre e o segundo
en que determinei ser teu amigo
e camiñar contigo polo mundo,*

*bendito sexa o porto e a cidade
onde embarquei pra navegar contigo
nun navío de amor e de saudade.*



(DARÍO XOHÁN CABANA)

Luns **23** de abril
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es

Poetas
Di(n)versos
2018



Aurélia
Lassaque





Aurélia Lassaque é unha poeta bilingüe en francés e occitano, unha lingua hoxe en perigo de extinción mais que aínda se fala no sur de Francia, no Val d'Aran e en moi contados vales da rexión italiana do Piemonte. Defensora da diversidade lingüística, ela actúa como asesora literaria para festivais en Francia, Italia, África ou a India.

Lassaque adoita enriquecer os seus recitais con pequenas cancións occitanas, e con frecuencia colabora co traballo de artistas visuais, músicos/as, bailaríns/as ou videocreadores/as. Así, ten actuado por toda Europa, América, África, India e Indonesia.

O seu primeiro libro, *Para que canten as salamántigas* (2013) traducíuse ao inglés, noruegués, hebreo e catalán, e recibiu eloxiosa atención crítica dende medios como Al Araby ou The Guardian. En 2016 foi escollida para facer parte da plataforma de poesía europea Versópolis, a través da cal publicou *plaquettes* en lituano, polaco, macedonio e italiano. O seu último título, *Estudo dun rostro* (2017), no que revisita o mito da Odisea, vén de ser saudado pola crítica francesa con entusiasmo e estase traducindo xa nos EE.UU. co apoio da Asociación de Tradutores Literarios Americanos.

ELA

Dáme un nome, Ulises

*dáme un nome para que poda esperarte
estarei aí, haberá un espello
e falaremos de ti, eu e mais a outra de atrás do espello
atopareina alí, sempre encorvada, no extremo da cadeira como os paxaros
coa dor nas miñas coxas que non me deixa perderme desa beira do espello*

*pola mañá poñerei os pendentes
se cadra ata os deixo no leito por se me sorprendes no medio da noite*

pero se non levo un nome, como saber se te velamos ela ou eu?

Poetas Di(n)versos 2018



(AURÉLIA
LASSAQUE)

Luns **23** de abril
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es



*Darío Xohán
Cabana*

